



# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DO 3 DE XULLO DO 2020, POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN DE PROXECTOS SELECCIONADOS, DESESTIMADOS E EXCLUÍDOS PARA O FONDO DE PROXECTOS CULTURAI XACOBEO 2021 (FONDO X21) NA MODALIDADE: XACOBEO, TURISMO, XEOGRAFÍA, PAISAXE, GASTRONOMÍA, USOS E COSTUMES SOCIAIS

Na resolución indicada no encabezamento deste documento e que foi publicada na paxina web [www.xunta.gal](http://www.xunta.gal) o 3 de xullo do 2020 aparece excluída do Fondo X21 a empresa que se identifica a continuación:

Por erro indicouse que a solicitante non se axustaba ao disposto no apartado 9 das bases que indica que os destinatarios da convocatoria deberán contar con persoal empregado nas súas estruturas organizativas.

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	CAUSAS EXCLUSIÓN	DE FORMATO
FUNDACIÓN DARDO INSTITUTO DO DESEÑO E DAS ARTES CONTEMPORÁNEAS	Publicación de A muller na historia do deseño, percorrido histórico internacional obxecto de abri-lle as portas ao deseño galego	EXCLUÍDO por non axustar o seu contido ás bases	PRESENCIAL / MATERIAL

Porén, a FUNDACIÓN DARDO INSTITUTO DO DESEÑO E DAS ARTES CONTEMPORÁNEAS con NIF G70514906, xustificou que existe unha traballadora da Fundación cun contrato vixente antes da resolución do expediente. A dita traballadora tiña adiada a súa incorporación por mor da crise do Covid-19. Unha vez advertido o erro, cómpre corríxilo e aprobar o proxecto.

Polo exposto, na data de publicación desta corrección de erros na paxina web: [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal) publicarase unha nova resolución co proxecto da Fundación Dardo Instituto do Deseño e das Artes Contemporáneas como seleccionado para emendar o erro cometido.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital deste documento

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

